Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Micromitos 090: A rosca de Reis

O costume de comer este doce redondo cun burato no medio e sorpresas no interior xa vén de moi atrás. Nas Saturnais romanas elaborábase e comíase unha torta de grandes dimensións na que se agachaba a faba da sorte. Quen tiña a sorte de atopala era elixido rei da festa e todos debían obedecelo; de ser escravo, quedaba liberado por un tempo da obediencia aos amos.

Velaí a orixe de pasatempos festivos medievais como o Rei da faba, costume semellante ás festas de obispiños do Día dos Inocentes. A partir dos ss. X e XI rebautizouse o doce como Pastel de Reis e no interior, ademais da faba, introdúcense figuras moi variadas..

Na Andalucía musulmá, entre os ss. XIII e XV había o costume de recibir o novo ano facendo regalos e elaborando un pastel redondo como unha cidade (mada'in) parecido á rosca de Reis actual, aínda que sen sorpresa.

Na actualidade seguimos facendo o mesmo, elaborando con fariña, ovos, figos, mel e outros ingredientes esa rosca doce coroada na que agachamos fabas, moedas ou figuras para que quen as atope entre con ventura no novo ano, que boa falta nos fai.

Serie: Micromitos

Publicación: *Nós Diario*, 6 de xaneiro de 2021.